



concello de  
**CARBALLO**

Consellos Parroquiais

# SEGUNDO encontro participativo

# 1. Introducción

No primeiro encontro coa veciñanza das parroquias de Carballo traballouse fundamentalmente sobre a idea dos Consellos Parroquiais. Isto permitiunos coñecer de forma directa e inmediata a opinión da veciñanza, o seu posicionamento sobre como deberían funcionar, que temas debían ser tratados e como tería que ser a súa composición. A partir da información recollida neste encontro, deseñouse unha metodoloxía para o segundo encontro que nos permitise seguir afondando, nun clima de diálogo aberto, nos posicionamentos dos veciños e veciñas en canto á conformación destes órganos.

Así, o obxectivo principal deste segundo encontro, celebrado **o 26 de maio de 2016 ás 20:00h no Fórum Carballo**, era coñecer como de activa é cada parroquia, con que recursos conta que favorezan a participación veciñal, tanto humanos como materiais, así como as particularidades que fan dela unha parroquia con moito ou pouco dinamismo. Acadar esta información facilitará o traballo de cara á configuración de cada un dos Consellos Parroquiais, podendo actuar así máis concretamente sobre a idiosincrasia de cada parroquia.

## 2. Datos de participación

Neste segundo encontro tomaron parte

un total de 46 persoas (26 homes e 21 mulleres). Distribuíronse en 7 mesas de traballo, formando grupos de entre 5 e 10 persoas. O criterio para a composición dos grupos foi, principalmente, a parroquia de residencia das persoas participantes. Así, buscou conformar mesas de traballo de parroquias cunha conexión natural e/ou semellantes entre si. O resultado da composición da participación é o que se mostra a continuación:

### Mesa 1.

5 persoas.  
Parroquia representada: Rus

### Mesa 2.

6 persoas.  
Parroquias representadas: Berdillo e Bértoa.

### Mesa 3.

5 persoas.  
Parroquias representadas: Carballo e Entrecruces.

### Mesa 4.

10 persoas.  
Parroquias representadas: Cances, Goiáns e Sísamo.

### Mesa 5.

5 persoas.  
Parroquias representadas: Oza e Sofán.

### Mesa 6.

9 persoas.  
Parroquias representadas: Lema, Noicela, Razo e Vilela.

### Mesa 7.

6 persoas.  
Parroquia representada: Ardaña.

Non asistiu ningunha persoa das parroquias de: Aldemunde, Artes e Rebordeiros.

### 3.

## Dinámica da sesión

Seguindo a dinámica do primeiro encontro, entregouse un modelo de ficha - acta en cada mesa, e entre o grupo de persoas participantes debían escoller a alguén que se encargase de cumprimentala.

As cuestións que se abordaron no encontro foron as que se especifican a continuación:

**PRIMEIRA.** Se non fose nos, (*nome da parroquia*) non tería/non sería...

**SEGUNDA.** Para que (*nome da parroquia*) sexa unha parroquia máis viva, temos que...

**TERCEIRA.** E para conseguilo, en (*nome da parroquia*) contamos con...

Ao igual que na primeira sesión, cada resposta a cada cuestión foi anotada nun papel de cor, e todas as aportacións realizadas foron plasmándose nun panel para a súa visualización conxunta e posterior posta en común co equipo técnico.

As aportacións recollidas neste segundo encontro permitiunos, por unha banda, observar as semellanzas que hai entre a participación das distintas parroquias, así como as necesidades comúns e recursos cos que contan. E por outra, coñecer máis de preto a realidade concreta de cada parroquia en canto a estes mesmos aspectos.

### 4.

## Os grupos impulsores

Un dos obxectivos operativos destes dous primeiros encontros era o de comezar a traballar cun grupo de persoas en cada parroquia interesadas en formar parte do grupo impulsor que actúe como motor de arranque de cada Consello Parroquial.

Así, ao longo deste segundo encontro motivouse e potenciouse a participación das persoas, fomentando o coñecemento mutuo e o intercambio de opinións, e brindóuselles a posibilidade de que se inscribisen nos grupos impulsores.

A este último respecto, e para o caso daquelas parroquias nas que non se rexistrou ningunha ou foron escasas as inscricións, realizáronse chamadas telefónicas ás persoas que non estiveron neste segundo encontro, pero si no primeiro e na presentación inicial, para coñecer o grao de interese en formar parte do grupo impulsor da súa parroquia.

Finalmente, acadáronse un total de 41 inscricións. A relación do número de persoas inicialmente interesadas recóllese a continuación:

Ardaña: 6 persoas.

Artes: 1 persoa.

Berdillo: 3 persoas.

Bértoa: 1 persoa.

Cances: 5 persoas.

Carballo: 2 persoas.

Entrecruces: 2 persoas.

Goiáns: 1 persoa.

Lema: 1 persoa.

Noicela: 0 persoas.

Oza: 2 persoas.  
Razo: 2 persoas.  
Rebordelos: 0 persoas.  
Rus: 5 persoas.  
Sísamos: 2 persoas.  
Sofán: 4 persoas.  
Vilela: 4 persoas.

Todas estas persoas foron convocadas a participar nos tres encontros formativos posteriores.

Algunhas fotografías do encontro:





concello de  
**CARBALLO**



**Consellos Parroquiais**